

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3022

### Feitos

Con data do 22 de abril do 2025 este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3022, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Enxeñaría Civil, (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

Martínez Carballo, Manuel: representante dos/das traballadores/as

### Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución do representante dos/das traballadores/as.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

**Representante dos/das traballadores/as:** substitúese a Manuel Martínez Carballo por María Asunción López Arranz, proposta polo comité de empresa con data do 30 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández